

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que o Pleno do Concello de Ames, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2018 adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

Punto Quinto.- Autorización de compatibilidade de Marta Bellas Rodríguez.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a Marta Bellas Rodríguez, arquitecta municipal do Concello de Ames, a compatibilidade coa actividade privada de arquitecta en horario de tarde coas seguintes condicións:

1º Que no exercicio da súa actividade privada como arquitecta non coñecerá asuntos nos que estea intervindo, interviñera nos dous anos anteriores ou teña que intervir por razón do seu posto de arquitecta municipal do Concello de Ames.

Inclúese en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do arquitecta do Concello de Ames.

2º Non pertencer a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas cuxa actividade está directamente relacionada co seu posto de arquitecta municipal no Concello de Ames.

3º Que non desempeña por si ou por persoa interposta cargos en empresas ou entidades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministrados, arrendatarias ou administradores de monopolios ou con participación ou aval do Concello de Ames, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

4º Que non ten participación superior ó 10% no capital das empresas ou sociedades ás que se refire o número anterior.

5º Que non ten recoñecida compatibilidade para un segundo posto no sector público.

6º Que o seu complemento específico no Concello de Ames non supera nin superará o 30% da súa retribución básica no Concello, as súas retribucións complementarias non recollen o factor de incompatibilidade, non se retribúe por arancel, nin é persoal directivo nin persoal de alta dirección.

7º Non poderá invocar ou facer uso do seu posto de arquitecta do Concello de Ames para o exercicio da súa actividade profesional.

8º A súa actividade privada de arquitecta non poderán ter lugar en horario de mañá (7:45-15 horas), coas particularidades do horario de verán.

Segundo.- Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 29 de xuño de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e Prace
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo